



Obradoiro "Trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual"

RELATORA

Silvia Pérez Freire

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

María Alba Sousa González (G-4041)

DURACIÓN

10 horas.

DATA E HORARIO

Sábado, 13 de xuño de 2020.
De 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas.

MODALIDADE

Online. Plataforma Moodle e ZOOM.

PRAZAS

30.

PREZOS

Membros da Sección de Psicoloxía Xurídica, Psicólogos/as
demandantes de emprego, estudantes de 4º grao de Psicoloxía
de doutoramento e do máster en Psicoloxía 22 €

Psicólogos/as colexiados/as 44 €

Psicólogos/as non colexiados/as 88 €

*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf



Obradoiro "Trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual"

INSCRIPCIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O obradoiro terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados, podendo suspenderlo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o obradoiro entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.


Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 8 de xuño de 2020.

OBXECTIVOS

- Proporcionar unha visión socio-xurídica do delito da trata con fins de explotación sexual desde unha perspectiva de xénero e de dereitos humanos.
- Analizar o continuo entre trata, explotación sexual e prostitución. Identificar aos axentes implicados. Razonar sobre os discursos e motivacións dos consumidores de sexo de pago.
- Examinar riscos para a saúde e consecuencias nas mulleres vítimas de trata sexual.
- Definir pautas de actuación e cara á detección, identificación e protección das vítimas. Coñecer os recursos existentes en Galicia.



Obradoiro "Trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual"

METODOLOXÍA

A través da plataforma de formación Moodle e ZOOM.

PROGRAMA

- Conceptualización do delito de trata: marco internacional e normativo. O continuo trata-explotación-prostitución: por qué a resposta xudicial actual non é suficiente?. O imaxinario social da trata e a prostitución: da hipervítima á puta viciosa.
- Os tratantes: a figura do captador. Os clientes/putañeiros/prostituidores: discursos, motivacións e riscos.
- As vítimas: impacto na saúde. Estratexias, ferramentas e boas prácticas na detección, identificación e protección das vítimas de trata sexual. Recursos da comunidade autónoma de Galicia.
- De 16:00 a 18:00 horas: Traballo en grupo.
- De 19:30 a 21:00 horas: Videoconferencia a través de ZOOM.

RELATORA

SILVIA PÉREZ FREIRE

Doutora en socioloxía e investigadora social especializada en violencia de xénero desde hai 17 anos.

Desde o 2007 imparte docencia en socioloxía na Universidade de Vigo e anteriormente coordinou durante 5 anos o Equipo de Servizos Sociais dirixido á poboación en prostitución da Asociación Feminista Alecrín en Galicia (Desde 2003 a 2008).

Actualmente traballa como socióloga elaborando proxectos sociais para ONGs como investigadora *Freelancer* para diversas universidades, administracións públicas e centros de estudos, así como formadora especializada en xénero.

Pertence a Rede Iberoamericana de Investigación sobre Imaxinarios e Representacións (RIIR), á Rede Académica Internacional de Estudos de Prostitución e Pornografía (RAIEPP) e á Rede Galega contra a Trata Sexual. Froito deste traballo de investigación social leva publicado 11 libros e 17 artigos académicos, así como participado en numerosos congresos e xornadas.

Podes acceder as súas publicacións no enlace:

<https://independent.academia.edu/SilviaP%C3%A9rezFreire>